

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL

PRIMEIRO: OBXECTO

O presente concurso, convocado polo Concello da Coruña, ten por obxecto premiar a creatividade e o esforzo do comercio á hora de decorar os seus establecementos, así como a súa contribución para impulsar a actividade comercial e potenciar o ambiente festivo durante o mes de decembro coincidindo coas festas do nadal.

SEGUNDO: PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso os pequenos establecementos comerciais situados na cidade da Coruña, calquera que sexa o tipo de actividade. Como o concurso diríxese ao comercio de barrio, exclúense cadeas comerciais, comercio situado en grandes superficies e aqueles relacionados coa hostalería ou que pertencen ao sector servizos.

TERCEIRO: TEMÁTICA E TÉCNICAS

A temática debe tratar sobre a festa do nadal.

Os elementos decorativos serán totalmente libres así como a elección tanto dos materiais como das técnicas para empregar.

CUARTO: PRAZOS

Inscrición: Os comercios interesados en participar deberán cumprimentar a ficha de inscrición xunto cunha fotografía do escaparate, a través da web www.escaparatescoruña.es, sendo a data límite o día 9 de decembro de 2021, ás 23.59 h.

Adiantarase o peche do prazo para participar no concurso indicado no parágrafo anterior no momento en que o número de solicitudes acade as cento cincuenta, ao obxecto de garantir a visita do xurado a todos os escaparates inscritos nos tempos establecidos nestas bases.

Período de exposición: Os escaparates deberán permanecer expostos coa decoración que se pretende sexa valorada polo Xurado ata o día 4 de xaneiro de 2022, non permitíndose modificacións substanciais nos elementos que constitúan a decoración do mesmo a partir do 9 de decembro ata que finalice o concurso no caso dos finalistas (e dicir, ata o 4 de xaneiro).

QUINTO: XURADO E PUBLICACIÓN DA LISTA DE COMERCIOS FINALISTAS

As solicitudes de participación presentadas no concurso de escaparatismo serán avaliadas por un Xurado que se encargará de visitar os establecementos participantes, unha vez pechado o prazo de inscrición, ao efecto de seleccionar aos dez finalistas.

O dito Xurado estará composto polos seguintes membros:

- **Presidenta/e:** Unha persoa funcionaria pertencente ao Servizo responsable da convocatoria.
- **Vogais:**
 - Unha persoa funcionaria pertencente ao Servizo responsable da convocatoria.
 - Unha persoa nomeada pola empresa adxudicataria do contrato.
 - Unha persoa nomeada pola Federación Unión de Comercios Coruñesa (FUCC)
- **Secretario/a:** Unha persoa funcionaria pertencente ao Servizo responsable da convocatoria.

A valoración dos escaparates establecerase tendo en conta os seguintes criterios e rango de puntuacións:

CRITERIO VALORABLE	PUNTUACIÓN
Creatividade	Ata 5 puntos
Complexidade da montaxe	Ata 5 puntos
Integración coa actividade do establecemento comercial	Ata 5 puntos

No caso de empate decidirá, co voto de calidade, a Presidencia do Xurado.

O fallo do Xurado será inapelable. O día 20 de decembro anunciaranse os 10 comercios finalistas na web www.escaparatescoruña.es e estes deberán enviar 2 fotografías do seu escaparate para a votación popular.

SEXTO: CARTEL IDENTIFICATIVO

Os establecementos que participen no concurso deberán colocar nun lugar ben visible do seu escaparate un cartel identificativo que acredite dita participación, que lle será facilitado polo Concello da Coruña unha vez efectuada a inscrición.

SÉTIMO: VOTACIÓN POPULAR

Unha vez establecidos os establecementos finalistas iniciarase a votación popular, desde o 22 de decembro ata as 23.59 horas do 30 de decembro, a través da web www.escaparatescoruña.es.

Só se poderá votar un escaparate por IP, sendo eliminado calquera voto que teña máis dunha IP. En caso de empate decidirá, co voto de calidade, a Presidencia do Xurado.

OITAVO: PREMIOS

Outorgaranse os seguintes premios aos establecementos comerciais gañadores:

Primeiro	2.500,00€
Segundo	1.500,00€
Terceiro	1.000,00€
Cuarto	750,00€
Quinto	750,00€

Estes premios estarán suxeitos ás retencións fiscais correspondentes.

O anuncio farase público o día 4 de xaneiro de 2022. Seguidamente comunicárelles o resultado aos gañadores para xestionar o pago dos mesmos. Poderase realizar un acto de entrega, se as circunstancias o permiten, nalgunha instalación municipal por determinar.

NOVENO: SORTEO DE VALES DE COMPRA.

Entre todas as persoas participantes na votación entregaranse, mediante sorteo, 25 premios de vales de compra por valor de 50,00 € cada un que poderán ser trocados ata o 31 de xaneiro de 2022 (incluído) en calquera establecemento participante no concurso.

En virtude da súa participación no concurso os comercios aceptarán os ditos vales de compra que se lles entreguen por mercar no seu establecemento e deberán custodialos como pago das súas compras. Os importes correspondentes a estes vales serán abonados pola empresa xestora na primeira quincena de febreiro, previo envío da factura á empresa.

DÉCIMO: ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a aceptación das presentes BASES. Calquera circunstancia non contemplada nas mesmas será resolta pola organización de forma inapelable.